

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN APERTURA PRAZO SOLICITUDES LISTAS ÚNICAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

Santiago de Compostela 18/10/2021

Publícase hoxe en DOG a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a **inclusión nas listas únicas** para a cobertura, con carácter transitorio, de prazas reservadas a **persoal funcionario** en determinados corpos, escalas ou especialidades de **persoas integrantes de listas de contratación temporal de categorías profesionais laborais equivalentes**.

Nas solicitudes de inclusión unicamente poderán modificarse:

- Ámbitos territoriais e
- Datos persoais e
- Se é o caso, incluíranse as titulacións para determinadas categorías profesionais laborais cando así se estableza expresamente nas resolucións de convocatoria

Prazo para a presentación de instancias:

- **Comezará o día 19 de outubro e finalizará o 18 de novembro de 2021.**

Requisitos que deberán posuír as persoas solicitantes:

- **Figurar admitido/a nalgunha lista das categorías profesionais laborais equivalentes** ao corpo, escala ou especialidade de persoal funcionario en que se solicita a inclusión en listas, de conformidade coas **equivalencias establecidas no anexo do Decreto 165/2019**, do 26 de decembro, modificado pola Orde do 10 de marzo de 2021, que **se recollen no anexo II da resolución**.
- **Non poderán solicitar a inclusión nas listas únicas**, ao abeiro desta convocatoria, as **persoas que figuren penalizadas o 15 de xullo de 2014 ou con anterioridade a esta data**, en todas as listas en que figuren inscritas das categorías profesionais laborais equivalentes ao corpo, escala ou especialidade de persoal funcionario en que instan a inclusión.

Solicitudes

- Presentarase, preferentemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado contido no anexo I da Orde do 20 de xullo de 2021 (DOG do 30 de xullo) (código de procedemento AP522U), accesible, así mesmo, na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Documentación:

Non será necesario achegar documentación complementaria, excepto as persoas integrantes que non teñan nacionalidade española, que deberán achegar xunto coa solicitude (anexo I da Orde do 20 de xullo de 2021) (código de procedemento AP522U) a seguinte documentación:

- Pasaporte e/ou documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, reguladora do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

Elaboración das listas únicas e publicación:

O anuncio de exposición das listas de vinculación temporal únicas **provisionais e definitivas** para o desenvolvemento transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario, elaboradas ao abeiro desta resolución, **publicarase no DOG**.

- Nestas listas de vinculación temporal figurarán:
 - o As persoas admitidas con indicación da puntuación resultante da aplicación do baremo, conforme o establecido no artigo 6 e na disposición transitoria primeira da Orde do 20 de xullo de 2021 (DOG do 30 de xullo)
 - o As persoas excluídas, con expresión da causa de exclusión.
- O contido destas listas poderá consultarse:
 - o No portal web corporativo da Xunta de Galicia, <http://funcionpublica.xunta.gal>, epígrafe de <Listas de contratación> e
 - o Nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia.

ANEXO I: corpos e escalas de persoal funcionario

Grupo	Corpo/ Escala	Denominación
A1	205G	Escala de sistemas e tecnoloxías da información
A1	2060	Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A1	2062	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de camiños, canles e portos
A1	2064	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría industrial
A2	2051	Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A2	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
A2	2077	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica agrícola
C1	2053	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
C1	205I	Escala técnica auxiliar de informática

Enlace á publicación da Resolución:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211018/AnuncioG0597-111021-0001_gl.pdf

ANEXO II

LISTAS DE PERSOAL LABORAL DE CATEGORÍAS PROFESIONAIS EQUIVALENTES ÁS DOS CORPOS E ESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NAS QUE SE PODE PRESENTAR SOLICITUDE DE INCLUSIÓN EN LISTAS

Lista de persoal laboral	Lista de corpos e escalas de persoal funcionario equivalentes en que se pode presentar solicitude de inclusión en listas
<p>Titulado/a superior (grupo I, categoría 004) Titulado/a superior sociólogo/a (grupo I, categoría 014) Titulado/a superior especialista. Titulado/a superior farmacéutico/a (grupo I, categoría 019) Documentalista (grupo I, categoría 23) Coordinador de actividades externas (grupo I, categoría 027) Xefe/a departamento persoal e xestión económico-administrativa do IGAEM (grupo I, categoría 029) Relacións públicas do IGAEM (grupo I, categoría 030) Titulado superior de formación ocupacional (grupo I, categoría 031)</p>	<p>Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A1, corpo/escala 2060)</p>
<p>Licenciado/a informático/a (antigo/a técnico/a de sistemas e analista titulado/a superior) (grupo I, categoría 018)</p>	<p>Escala de sistemas e tecnoloxías da información (subgrupo A1, corpo/escala 205G)</p>
<p>Titulado/a superior (grupo I, categoría 004)</p>	<p>Escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría de camiños, canles e portos (subgrupo A1, corpo/escala 2062) ou especialidade de enxeñaría industrial (subgrupo A1, corpo/escala 2064) para persoas que posúan a titulación establecida na disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril (disposición adicional segunda da Orde do 20 de xullo de 2021)</p>
<p>Director/a-administrador/a. Director/a de centro social. Director/a casa da xuventude. Subdirector/a residencia xuvenil. Preceptor/a residencia. Director/a centro. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM. Secretario/a de residencia. Director/a de cociña de irmandade. Director/a de clínica deportiva (grupo II, categoría 001) Titulados/as grao medio (grupo II, categoría 007) Monitor/a ocupacional (grupo II, categoría 021) Titulado/a medio/a formación ocupacional (grupo II, categoría 037)</p>	<p>Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo A2, corpo/escala 2051)</p>
<p>Técnico/a superior diplomado/a en informática (antigo analista de aplicacións (titulado medio) e antigo analista programador/a (titulado/a medio) (grupo II, categoría 027)</p>	<p>Escala de xestión de sistemas de informática (subgrupo A2, corpo/escala 205H)</p>
<p>Titulados/as grao medio (grupo II, categoría 007)</p>	<p>Escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica agrícola (subgrupo A2, corpo/escala 2077) para persoas que posúan a titulación establecida na disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril (disposición adicional segunda da Orde do 20 de xullo de 2021)</p>
<p>Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2ª administración. Administrador/a. Secretario/a-administrador/a residencia xuvenil. Administrador/a de produción de centros. Secretario/a de dirección do IGAEM. Axudante/a de dirección e difusión da música. Axudante/a de dirección difusión do CDG (grupo III, categoría 002) Gobernante/a. Gobernante/a servizos domésticos. Encargado/a lavadouro. roupeiro, ferro de pasar (grupo III, categoría 004) Intendente. Encargado/a de establecemento. Encargado/a de almacén (grupo III, categoría 005) Encargado/a supervisor/a de telefónica (grupo III, categoría 033) Axudante/a de produción (grupo III, categoría 040) Subgobernante/a (grupo III, categoría 078)</p>	<p>Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo C1, corpo/escala 2053)</p>
<p>Programador/a (grupo III, categoría 030) Técnico/a especialista en informática (antigo/a operador/a de ordenadores) (grupo III, categoría 091)</p>	<p>Escala técnica auxiliar de informática (subgrupo C1, corpo/escala 205I)</p>
<p>Auxiliar gravación. Oficial/a 2ª linotipista. Auxiliar administrativo/a. Oficial 2ª administrativo/a. Técnico/a auxiliar en informática. Operador/a máquina elemental Auxiliar (grupo IV, categoría 001) Almaceneiro/a. Despenseiro/a (grupo IV, categoría 017) Oficial 2ª en reprografía (grupo IV, categoría 022) Auxiliar produción-dirección (grupo IV, categoría 028) Auxiliar formación ocupacional (grupo IV, categoría 030)</p>	<p>Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (subgrupo C2, corpo/escala 2059)</p>
<p>Axudante/a traballos ou oficios. Axudante/a albanel. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelán/n. Axudante/a traballos. Encargado/a xardín (grupo V, categoría 002) Ordenanza. Celador/a. Vixilante oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalerno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado (grupo V, categoría 003-01) Vixilante arquivos, bibliotecas e museos (grupo V, categoría 010E) Peón/oa. Laborante. Varredor/a. Mozo/a servizos. Mozo/a laboratorio. Mozo/a. Pastor/a. Xardineiro/a. Mozo/a transportes. Peón/oa xardineiro/a/ EFU. Mozo/a mantemento. Mozo/a subalerno (grupo V, categoría 012)</p>	<p>Agrupación profesional do persoal funcionario subalerno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo/escala 2055)</p>